

Norah non mirara moita terra firme e seca na súa vida. De feito, dos nove anos que cumprira días atrás pouco tempo pasara nas ignotas e perigosas terras emerxidas. As súas xeiras desenvolvéranse sempre nos azuis mares, se cadra por iso a rapariga era unha nadadora e unha mergulladora sen igual capaz de percorrer decenas de metros cara ao abismo a pulmón como o máis arriscado mergullador profesional. Era unha razón de mera supervivencia. En moitos dos lugares nos cales paraban había que pescar co fusil de pesca submarina, ou ben apañar enormes ostras ou monumentais cangrexos reais. Un tiña que poñerse un bo traxe de neopreno, grosas luvas e respirar fondo para encher a cavidade torácica con todo o O₂ que coubera para así botar alá abaixo o maior tempo posible á procura do que acabaría na mesa. Por iso o pai e a defunta nai da nena ensináranlle a valerse por si mesma no océano, aínda que non estiveran nunha costa non irradiada ou nunha idílica illa que en realidade era a cumieira dun cono volcánico, xa que as máis das veces aquela “casiña subacuática” saía á superficie e botaba áncoras nun lugar calquera do Atlántico durante varias xornadas.

A terceira pasaxeira en discordia, a lontra Lola, xa levaba nos xenes iso de ser unha experta pescadora, polo que malia que quedara orfa nas illas Aleutianas tampouco necesitaba que lle deran clases de ningún tipo. Un só mergullo e sempre saía con algunha ostra que golpeaba cun coio flotando cabeza arriba nas ondas mariñas.

Unha gaiivota patiamarela ergueu o voo asustada ao mirarse reflectida na lente do periscopio polo que aquel inventor vixiaba as costas dunha gran enseada.

-Estamos chegando... Vigo... Seica foi a cidade máis populosa da Galiza, fai moito tempo.

-Non dixeches que iamos internarnos no Mediterráneo?

-Aínda non, miña filla... Primeiro temos que buscar a peza da batería da que che falei.

Aquel submarino Tipo XXIII que estivera douscentos dez anos en dique seco en Hamburgo, e que fora arranxado polo enxeñeiro para fuxir da súa cidade natal antes de que esta fora arrasada por mísiles balísticos intercontinentais, pasou por riba do que outrora fora o boiante porto vigués. A loura cativa botou un agrúo ao mirar tamén por aquel tubo dotado con prismas e lentes de aumento:

-Vexo unha árbore, papá!

-A bomba que contaminou a zona caeu en Porto, a cento vinte quilómetros en liña recta. É posible que algunhas árbores sobreviviran... Así e todo, non conto con que vexamos xente zangoneando pola ruínas desta metrópole.

Rudolf Hilgendorf manobrou para ascender aínda máis, e ao final a silueta daquel vehículo acuático de 34,7 metros de eslora fíxose patente nunhas augas escuras que rachou cunha alta torre de metal chamada “vela”.

A nena non agardou a que o pai lle dera permiso e rubiu coma un macaco polos chanzos metálicos do interior da pequena torre de mando, abriu a porta da esclusa de aire accionando unha manivela cunha forza sorprendente e, embutida en neopreno e calzada con sandalias de goma, descendeu polos chanzos exteriores, correu polo lombo da candorca de metal e amarrándose á que fora a balastrada dun paseo marítimo algo elevado saltou riba da escachada beirarrúa.

Rudolf saíu do submarino e atou un grosa cabo a un poste de pedra da varanda. Ao fondo dexergou a sombra da antiga Panificadora. Segundo os seus arquivos dixitais alí mesmo atoparía os elementos que necesitaba para que semellante cachifallo da II Guerra Mundial seguira sucando os mares como se o tempo non tivera pasado para el.

E seica foi logo de que a filla baixara da oliveira e uns pasos despois de que ambos comezaran a camiñar cara á fábrica de pan cando sentiron algo movéndose tras os cascotes. Non podían seren cans polo ruído que facían... Só podían ser humanos.

O xermano alertou á nena cun aceno e sen deixar de mirar para todas partes sacou o coitelo de monte da vaíña que penduraba dun cinto de coiro.

-Quen anda aí? -preguntou en inglés.

Camiñando dende as tebras da que fora unha sucursal bancaria sita no primeiro andar duns pisos lindeiros con ese colosal edificio que logo da Guerra Civil Española abastecera con pan albeiro a toda unha cidade emerxente, un rapaz de pel morena achegóuselles portando unha metralleta.

-Son Omar -contestou con tranquilidade o adolescente no idioma de Shakespeare-. Falades castelán, portugués ou galego? Apenas sei un par de frases en inglés.

Pronto media ducia de rapaces desarmados de diferentes idades saíron de todas partes.

-Galego? -contestou estrañado o alemán-. Pero seguides falándoo? Seica é unha lingua extinta, coma moitas outras logo da Guerra Nuclear.

-Aquí retomámola. É a lingua dos devanceiros, e a dos Clans Pobres... Aínda que, a dicir verdade, meus bisavós naceron en Mauritania -dos nenos alí reunidos só un par deles parecían hispanos, os outros catro eran unha rapaza chinesa, un negriño que falaba cun forte acento cubano, un pícaro rubio algo apoucado e unha moza de pel tostada e melena lustrosa que semellaba hindú-. En todo caso, podedes falarnos en castelán. É a lingua imperante no que queda da vella España.

O construtor comentoulle en español ao xefeciño da peculiar cuadrilla que tiña bastante présa, que debía recoller unha peza para o *Elektroboot* nunha panificadora reconvertida pola compañía estadounidense *Sea Machines* en fábrica tecnolóxica no 2023. E, unha vez o rapazolo activou o seguro da arma e sinaloulles o camiño correcto ata aquela construción de formigón que destacaba polos seus dez altos silos de forma

tubular, tanto os nativos coma os estranxeiros puxéronse ao día da situación na cal se achaban todos eles.

A catástrofe climatolóxica e a Guerra Nuclear devastaran a Terra e reduciran a poboación de seres humanos de xeito drástico: dos oito mil millóns de persoas que viviran no século XXI apenas restaran cincocentos millóns de individuos espaxados polo globo terráqueo, moitos deles enfermos por mor das altas doses de radiación ás cales estiveran sometidos. A nai de Norah, que pertencera a un escuadrón exploratorio da nova cidade-estado de Manaus, nunha viaxe a Nova York para facer un estudo da zona acabara collendo un cancro por culpa da alongada estada pese a ir vestida cun traxe antirradiación.

-Levádenos convosco, por favor... -implorou Omar-. Aquí estamos escravizados polos Amos, unha especie de mafia que controla a antiga provincia de Pontevedra. Os nenos orfos coma nós e outros moitos escravos de diferentes idades traballamos nas fincas altas de Cabral aos pés do antigo hospital do Meixoeiro, onde eses criminais teñen a súa sede administrativa, de sol a sol. Só nos dan papas para comer e auga non potable. Estamos caendo coma moscas... Vós tedes sitio nese armatoste. Calquera outro futuro será mellor ca o que teremos aquí.

-Pero se vides connosco se cadra nunca volvedes a Vigo -sinalou o enxeñeiro que dera cun par de pezas de recambio e que, asemade, levábase consigo parafusos, porcas e ata un ordenador portátil sen batería cheo de po.

-Os nosos antepasados tamén viron doutros lares. Acaso a vida do home non é unha aventura? -contestoulle o mozote que demostraba unha madurez pouco habitual nun quinceleiro.

-E máis nos tempos que corren -apuntou o hamburgués erguendo a vista e encontrándose coa desesperación reflectida nos escuros ollos do norteafricano.

E mentres Norah sorría a aquel rapaz que lle parecía tan guapo collendo unha cadeira de brazos con rodas e levándoa do revés riba da cabeza, todos a unha puxéronse en marcha e desandaron o camiño cara ao improvisado porto do Paseo de Afonso XII, onde lles esperaba o *Orcinus* tan negro e imponente coma sempre. Agora serían nove mariñeiros, e xunto coa lontra farían unha decena de destemidos aventureiros. E abofé que lles quedaban mares por percorrer e cidades en ruínas en zonas de baixa radioactividade que explorar. Había que volver fundar a Humanidade xuntos, e aquela naveciña era con toda probabilidade o único submarino que quedaba operativo na Terra. Todo un incentivo para seguiren sobrevivindo nun planeta máis hostil e asolagado ca nunca.